



DOUS TRAUMATÓLOGOS DO CHUVI PUBLICAN UN LIBRO SOBRE AS FRACTURAS DO ESCAFOIDE NO PULSO

- *A abordaxe clínica da ruptura deste pequeno óso é, aínda hoxe en día, orixe de controversia entre os facultativos*
- *O obxecto deste manual, no que tamén participaron outros especialistas de España, é aportar unha guía clínica para o manexo desta patoloxía*
- *A Unidade de Cirurxía da Man do servizo de Traumatoloxía do Chuvi atende anualmente medio centenar destas fracturas*

Vigo, 8 xuño de 2022. Os traumatólogos Javier Yáñez e Manuel Castro, da Unidade de Cirurxía da Man do servizo de Traumatoloxía e Cirurxía Ortopédica da Área Sanitaria de Vigo, veñen de publicar un libro titulado "*Fracturas y pseudoartrosis del escafoides carpiano*".

Trátase dunha monografía sobre a fractura deste pequeno óso situado no pulso, na base do dedo polgar, que é un dos que se lesionan con máis frecuencia e que presentan máis complicacións no seu tratamento. Vai dirixido fundamentalmente a especialistas en traumatoloxía e cirurxía plástica interesados na patoloxía da man.



Segundo indica un dos autores, o doutor Yáñez "a abordaxe desta patoloxía é complicada, dadas as características deste óso, que está case completamente revestido de cartilaxe e ten una vascularización característica, polo que seu tratamento sempre xera moita controversia e dúbidas entre os especialistas. Por iso, o obxectivo deste manual era recopilar nosa experiencia e a de colegas doutros hospitais, coa finalidade de servir de guía, sobre todo para os residentes".



Para isto contaron coa participación de varios especialistas da comunidade galega e algún de fóra de Galicia, sobre todo coa do Dr. Irisarri, que foi un dos pioneiros da cirurxía de man en España.

O Chuvi atende medio centenar de fracturas anuais

O escafoides é o primeiro óso externo da primeira fila do Carpo, sendo un dos que se lesionan máis a miúdo. De feito, representan entre un 60-70% de todas as fracturas do carpo.

Na Área de Vigo, a Unidade da Cirurxía da Man atende aproximadamente 50 fracturas de escafoides anuais, incluíndo casos agudos e crónicos en fase de pseudoartrose.

Na maioría dos casos, este tipo de rupturas preséntase tras unha caída sobre a man. Os síntomas inclúen dor e sensibilidade na zona xusto debaixo da base do dedo polgar.

Complicación: non consolidación do óso

O tratamento pode variar desde a inmovilización con xeso ata a cirurxía, segundo a gravidade e a localización da lesión.

“As complicacións aparecen cando o óso non consolida ben. Ás veces, tras ter ao paciente coa man inmovilizada durante un par de meses, o óso non logra pegar correctamente, polo que temos que recorrer á cirurxía. Esta é unha das controversias, discernir de inicio cando hai que operar directamente ou intentar antes o tratamento convencional”, explica o outro autor, Manuel Castro.

Outro dos debates clínicos en torno a este tipo de fracturas é o xeito de abordar esta lesión en fase de pseudoartrose ou o manexo cando o carpo remata desgastándose producindo dor e rixidez.

Gran éxito nacional

O libro está estruturado en 9 capítulos, e cada un deles aborda un aspecto diferente desta patoloxía. Ademais, inclúe numerosas imaxes radiolóxicas e iconografías de gran calidade.

A tirada inicial deste Manual foi de 500 exemplares. Ante o éxito e gran expectación acadada na súa presentación, no congreso nacional da *Sociedad Española de Cirugía de Mano*, vaise difundir tamén “on line”, a través das sociedades científicas relacionadas coa cirurxía de man.